## Quen somos?

O <u>Departamento de Orientación</u> é un servizo de atención ao alumnado e de asesoramento permanente ao profesorado e ás familias da nosa comunidade educativa.

Está composto por:

- **A Orientadora:** coordina e xestiona todo o relacionado co Departamento.
- **A especialista en Audición e Linguaxe**: Potencia as habilidades comunicativo-lingüísticas e intervén nos problemas da linguaxe e comunicación.
- **O especialista en Pedagoxía Terapéutica**: Traballa co alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- **Coordinadora de ciclo**. Representa ao profesorado de Infantil.

## Cales son as nosas principais funcións?

- Valorar as necesidades educativas do alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultadoes e problemas de aprendizaxe.
- Ofrecer soporte técnico ao profesorado.
- Participar na elaboración do Proxecto Educativo do centro, incidindo na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, nos principios de avaliación e na adecuación dos criterios de promoción.
- Apoiar e Asesorar ao alumnado para afronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade.

## Cando podedes solicitar as familias a nosa intervención?

Cando esista un problema ou precisedes asesoramento sobre:

◇ Autonomia.

◇ Control de esfínteres.

◇ Normas e Conduta.

◇ Dificultades na linguaxe.

◇ Aprendizaxes escolares.

◇ Separación ou divorcio.

◇ Ciumes entre irmáns.

◇ Dúbidas na educación dos/as vosos/as fillos/as.

Modificar Margen Mover con el texto





**EEI CONCEPCIÓN CRESPO RIVAS**